Ana Pontón Mondelo na data 17/12/2018 11:24:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/12/2018 11:24:39

Olalla Rodil Fernández na data 17/12/2018 11:24:40

Xosé Luis Bará Torres na data 17/12/2018 11:24:42

CSV: REXISTRO-v3x8klPUW-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 11:27:30
Nº Rexistro: 41770
Data envio: 17/12/2018 11:27:30.884

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O concello de Sada conta, neste momento, con tres centros de educación infantil e primaria (os CEIP Plurilingüe O Mosteirón, Sada y sus Contornos e Pedro Barrié de la Maza) e unha única escola de educación infantil, a EEI de Carnoedo.

Os centros anteriormente citados, agás o CEIP Sada y sus contornos, están situados na zona rural do concello, dando servizo deste xeito aos 1.435 nenos e nenas de idades comprendidas entre os tres e os doce anos, que segundo datos do Instituto Galego de Estatística viven no concello, dos que 405 son de Educación Infantil.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional vén procedendo ao peche de centros educativos situados en contornos rurais nos últimos anos sen ter en conta as previsións sobre o mantemento do número mínimo de alumnos máis alá de que, puntualmente, non se acaden os alumnos necesarios.

A grave crise demográfica que sufre Galicia e que afecta fundamentalmente ao mundo rural, supón necesariamente a perda de alumnos e a conseguinte redución de unidades nos centros educativos, incluso o peche dalgún deles, o que da lugar a situacións graves que deberan ser corrixidas á maior brevidade, posto que se trata dun asunto de País.

A redución de oferta educativa nos concellos afonda, aínda máis, no progresivo desmantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este Grupo Parlamentario.

Neste caso, dáse a situación excepcional de que a Administración educativa ven de anunciar que a EEI de Carnoedo non continuará en funcionamento despois das vacacións de nadal, é dicir no mes de xaneiro de 2019, pese a ter iniciado o actual curso 2018/2019; unha situación da que non se coñecen precedentes e que ten como única explicación o aforro dunha praza docente.

CSV: REXISTRO-G2jUSNTCP-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 11:27:30
Nº Rexistro: 41770
Data envío: 17/12/2018 11:27:30.884

Se a consideración exclusivamente económica da prestación do servizo escolar é unha forma evidente de non manter unha aposta firme polo País, o feito de pechar a medio curso unha escola carece de cualificación.

De feito, o Concello de Sada vén de asinar o día 5 de decembro unha declaración institucional na que se compromete a manter a unidade de acción para impulsar todas as alternativas dirixidas a potenciar a educación pública e instar á Xunta de Galicia a retirar a decisión de pechar este curso a EEI de Carnoedo; a dita declaración institucional foi asinada por todos o grupos políticos con representación no Concello.

Por iso os deputados e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Por que se toma a decisión no mes de decembro de pechar a EEI de Carnoedo do concello de Sada?

2ª) Garda algunha relación coa situación laboral do persoal docente destinado durante este curso nesa escola de educación infantil?

3ª) Pensa a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional iniciar unha estratexia para aproveitar as situacións laborais dos docentes para non proceder ás substitucións precisas e, como consecuencia, reorganizar a rede de centros ou dentro deles reorganizar as actividades docentes?

Pazo do Parlamento, 14 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/12/2018 11:25:52

Maria de la Concepción Burgo López na data 17/12/2018 11:26:00

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 17/12/2018 11:26:12

CSV: REXISTRO-G2jUSNTCP-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 11:34:05
Nº Rexistro: 41776
Data envio: 17/12/2018 11:34:05.747

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O 25 de xaneiro de 2018 o Concello de Vigo procedeu á aprobación inicial en xunta de goberno da proposta para a modificación do plan parcial de Navia (segunda fase de ampliación). A competencia da tramitación correspóndelle ao Concello de Vigo, o cal ten que dar traslado á Xunta de Galiza das modificacións pertinentes.

Neste sentido, unha vez rematado o prazo de presentación de alegacións a comezos do mes de maio do ano en curso, e remitido o informe por parte do concello de Vigo á Xunta de Galiza no mes outubro, o certo é que se descoñece en que punto de tramitación se atopa este proxecto de ampliación.

Convén lembrar que este proxecto xa arrastra unha demora de dez anos e que é unha actuación prioritaria habida conta da demanda de vivenda existente así como de equipamentos dotacionais (deportivos, educativos e sociais), zonas verdes así como de melloras na rede viaria na zona de Navia.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

CSV: REXISTRO-b1QMfmgn3-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 11:34:05
Nº Rexistro: 41776
Data envio: 17/12/2018 11:34:05.747

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Cando se reuniron por última vez responsables da Consellaría de Vivenda (IGVS) e o do Concello de Vigo para abordar o desenvolvemento da ampliación de Navia tras da súa aprobación inicial en xunta de goberno do concello e unha vez rematado o prazo de alegacións?

2.- En caso de que non se teñan producido contactos a que é debida a falla de interlocución?

3.- De manterse a situación de bloqueo. Cal éo custe estimado por parte do IGVS das indemnizacións as persoas propietarias afectadas (40 vivendas) pola ampliación de Navia?

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: REXISTRO-b1QMfmgn3-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 11:34:05
Nº Rexistro: 41776
Data envio: 17/12/2018 11:34:05.747

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 17/12/2018 11:32:16

María Montserrat Prado Cores na data 17/12/2018 11:32:34

Ana Pontón Mondelo na data 17/12/2018 11:32:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/12/2018 11:32:37

Olalla Rodil Fernández na data 17/12/2018 11:32:38

Noa Presas Bergantiños na data 17/12/2018 11:32:40

CSV: REXISTRO-b1QMfmgn3-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 12:58:36
Nº Rexistro: 41789
Data envio: 17/12/2018 12:58:36.734

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5.ª**

A psicoloxía clínica é un servizo totalmente abandonado polo SERGAS. Dende a década dos 90 na que comezou a incorporarse á rede pública, nunca foi suficientemente atendida e dotada dos medios suficientes para levar a cabo un servizo de calidade, deixando en mas do sobreesforzo das psicólogas e psicólogos a prestación sanitaria nesta materia.

As e os profesionais da psicoloxía clínica levan anos reclamando o que consideran demandas ás que se debe atender con urxente necesidade. A contratación de máis persoal despois de que na última década unicamente foran convocadas 3 prazas, un número totalmente insuficiente, principalmente se temos en conta o aumento de enfermidades que precisan de atención psicolóxica e que na actualidade están a abordarse a través da farmacoloxía, tal e como ten recoñecido o Goberno.

Neste sentido, resulta tamén totalmente necesario incorporar ao servizo de psicoloxía clínica na atención primaria, tal e como se está comezando a levar a cabo en outras comunicades como Asturias ou Aragón. Urxe cambiar a dinámica de traballo no Servizo Galego de Saúde en relación á psicoloxía clínica, que non conta ni con servizos propios.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral:

CSV: REXISTRO-JGd8CAFZK-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 12:58:36
Nº Rexistro: 41789
Data envio: 17/12/2018 12:58:36.734

GRUPO PARLAMENTAR en marea

- Que valoración fai o Goberno en relación a que unicamente fosen convocadas tres prazas de psicoloxía en dez anos?
- Cal é o motivo polo que o Goberno non implanta a Psicoloxía clínica na Atención Primaria?
- Por que a Psicoloxía Clínica non conta con servizos propios no Servizo Galego de Saúde?
- Cando ten pensado o Goberno levar a cabo as históricas demandas da psicoloxía clínica no SERGAS?

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 17/12/2018 12:23:07

CSV: REXISTRO-JGd8CAFZK-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 12:25:34
Nº Rexistro: 41822
Data envio: 18/12/2018 12:25:34.975

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á paralización por Portos de Galiza do convenio de colaboración remitido ao Concello de Moaña, onde se autorizaba ao propio concello a levar a cabo as obras necesarias para rematar o paseo marítimo de Domaio.

O litoral de Domaio foi estragado polas terras procedentes dos desmontes cando se estaba a construír a ponte de Rande e a autoestrada AP-9. Durante moitos anos foi depositario de terras e escombros convertendo a zona nun vertedoiro abandonado, a pesares de que dende o Concello e por parte d@s veciñ@s sempre mantiveron unha reclamación de ordenación e urbanización aos seus titulares: Autoridade Portuaria de Vigo e Portos de Galiza.

E si facemos historia das reclamacións do concello de Moaña diante dos distintos presidentes da Autoridade Portuaria de Vigo, destacamos o compromiso adquirido por Abel Caballero, que nunca se levou a cabo ou a inauguración da primeira fase de Corina Porro alegando o seu compromiso con Domaio, lugar especial para ela pois era a onde ía a misa e a comprar o pan, e tampouco cumpriu o prometido.

En todo este tempo o único presidente serio, responsable e cumpridor que o concello de Moaña recoñece como impulsor desta ordenación é a Jesús Paz presidente da Autoridade Portuaria de Vigo entre o 2007/2009. El foi o que recolleu a demanda @s

CSV: REXISTRO-Jdyv8ynDw-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 12:25:34
Nº Rexistro: 41822
Data envio: 18/12/2018 12:25:34.975

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

veciñ@s e concello, mandou realizar o proxecto e executou a primeira fase aínda que despois foron outras a que o inauguraron.

A urbanización deste paseo marítimo realizouse na parte competencia da Autoridade Portuaria de Vigo en dúas fases, quedando pendente o tramo pertencente a Portos de Galicia, entre o Multiusos (Club de Xubilados) e a rampla de varada e reparación dos viveiros flotantes (bateas). Un espazo duns 200 metros que están dentro do dominio portuario de Portos de Galiza e que a pesares de múltiples xestión nunca se executou por ser competencia de Portos de Galiza.

O concello de Moaña despois de moito insistir conseguiu manter unha reunión con Portos de Galiza para darlle unha solución acaída a este tramo sen resolver e a pesares da dilación e falta de interese por parte do seu presidente, que abandonou a reunión, seguiu insistindo e logrou o 19 de outubro de 2018 que o director portuario Ignacio Villar, lles remitirse por indicación do seu presidente José Juan Durán o convenio autorizando a ordenación e execución de dita obra. Convenio que foi autorizado pola Comisión de goberno e asinado pola alcaldesa, sendo remitido a Portos de Galiza para a súa confirmación.

A Deputación tamén aprobou o seu financiamento o 5 de novembro de 2018, que cun custe de 100.000 euros fora presentado ao Plan Concellos da Deputación. Esta sería a definitiva fase dun paseo marítimo que tivo a primeira actuación no 2007, a segunda no 2013 e que aínda está pendente rematalo.

O proxecto de ordenación elaborado polo concello de Moaña neste tramo segue os mesmos criterios que o paseo actual: habilitar unha liña peonil e carril bici na fronte marítimo e un aparcamento para o uso do Multiusos (Club de Xubilados) con

CSV: REXISTRO-Jdyv8ynDw-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 12:25:34
Nº Rexistro: 41822
Data envio: 18/12/2018 12:25:34.975

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

capacidade para 50 prazas. E unicamente unir o espazo do Multiusos coa zona rodada do porto.

Cal non sería a sorpresa que despois de ser aprobado o convenio polo concello de Moaña e remitilo a Portos de Galiza é o propio presidente, o señor José Juan Durán comunica ao concello que non procede de momento a firma do convenio por estar Portos de Galiza pendente de clarificar a delimitación competencial coa Autoridade Portuaria e por outro lado estar pendente da solución técnica de entronque do final do paseo peonil coa zona de tráfico rodada que debe conectar coa PO-551.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Até cando vai seguir primando os intereses do Partido Popular na vez dos problemas das infraestruturas portuarias o Presidente de Portos de Galiza?

-Como é posible que o presidente de Portos teña dúas varas de medir para recibir a alcaldes e concelleiros? Aos do PP inmediatamente e aos outros, eternizándose e non resolvéndolle nada?

-Dado que os terreos onde se desenvolve a terceira fase do paseo marítimo de Domaio é da competencia de Portos de Galiza non debería ser polo tanto o que ordene esta zona portuaria e poña os 100.000 euros que custa? Non é máis razoable esta ordenación que a que realizou no porto de Meira?

-Parécelle normal non só non asumir a responsabilidade de rematar os 200 metros de paseo marítimo, senón actuar de xeito partidista, buscando que a obra non se realice e que o concello corra o risco de perder 100.000 euros?

CSV: REXISTRO-Jdyv8ynDw-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 12:25:34
Nº Rexistro: 41822
Data envio: 18/12/2018 12:25:34.975

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Vai rectificar o Presidente de Portos de Galiza a actuación que está realizando coa que está impedindo que o Concello de Moaña realice unha actuación que mellora a calidade de vida d@s veciñ@s da parroquia de Domaio?

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/12/2018 12:22:37

Ana Pontón Mondelo na data 18/12/2018 12:22:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/12/2018 12:22:44

Olalla Rodil Fernández na data 18/12/2018 12:22:45

CSV: REXISTRO-Jdyv8ynDw-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 12:25:34
Nº Rexistro: 41822
Data envio: 18/12/2018 12:25:34.975

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 18/12/2018 12:22:47

Xosé Luis Bará Torres na data 18/12/2018 12:22:48

CSV: REXISTRO-Jdyv8ynDw-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 16:44:42
Nº Rexistro: 41840
Data envio: 18/12/2018 16:44:42.063

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e **Julio Torrado Quintela,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Segundo datos da Xunta de Galicia, na nosa comunidade autónoma hai na actualidade 75 centros de protección de menores, cun total de 887 prazas de internado e 371 de atención de día, nos cales se atende anualmente a unha media de mil mozos e mozas. Estes centros forman parte do sistema galego de protección de menores, que comeza nos equipos técnicos de menores que operan en cada unha das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social. Os integrantes destas equipas son os encargados de valorar se un neno ou nena se atopa en situación de risco ou desamparo e de determinar se debe pasar a situación de tutela ou garda pola Xunta de Galicia.

No trámite de emendas á Lei de medidas fiscais e administrativas do Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2019, o partido que sustenta ao goberno presentou a seguinte emenda de adición, que a pesares de que dende o Grupo Parlamentario Socialista alertamos de que calquera modificación dun texto legal que regule a atención dunha das capas máis sensibles da poboación, ben merecía un debate sosegado e un acordo ao respecto, aprobouse na Comisión 3.ª o pasado día 11 de decembro.

Engádese un artigo 25 bis, co seguinte contido:
"Artigo 25 bis. Modificación do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
O Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, queda modificado como segue:
Un. O número 1 da letra c) do número 2 do artigo 34 queda coa seguinte redacción:
"1. Subscribirase unha póliza de seguro de responsabilidade civil para a atención do servizo."
Dous. A letra e) do número 4 do artigo 35 queda coa seguinte redacción:
" e) O centro deberá subscribir una póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra los resgos da actividade."

CSV: REXISTRO-Ygj0kA1Bp-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 16:44:42
Nº Rexistro: 41840
Data envio: 18/12/2018 16:44:42.063

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da modificación, vía emenda da Lei de medidas fiscais e administrativas do Proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma do ano 2019, introducida no *Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia?*
2. En caso de que a considerara necesaria, cales son os motivos?
3. Recibiu a Xunta de Galicia durante estes últimos anos algún tipo de queixa ou suxestión para modificar este artigo?
4. Que repercusión terá este cambio nos seguros de responsabilidade civil dos centros de menores?
5. Cal é a cobertura mínima de seguro de responsabilidade civil que se lles esixirá a estes centros?
6. Ten previsto a Xunta de Galicia introducir, durante esta lexislatura, algún cambio máis no Decreto *329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia?*

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 18/12/2018 16:37:46

Julio Torrado Quintela na data 18/12/2018 16:37:52

CSV: REXISTRO-Ygj0kA1Bp-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 16:48:20
Nº Rexistro: 41842
Data envio: 18/12/2018 16:48:20.096

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

No pleno municipal de Betanzos deste 17 de decembro aprobouse por unanimidade unha moción para tratar de paliar a delicada situación económica do club de piragüismo Ría de Betanzos, que comezou a súa andadura no ano 1983.

A moción municipal lembra como a entidade instalouse nun pequeno almacén situado na praza de Enrique IV para, posteriormente, ocupar unha das naves municipais localizadas no barrio da Ribeira. Neste emprazamento a entidade desenvolveu a súa actividade ata o ano 2014.

O traballo fundamental da entidade céntrase na formación deportiva dos nenos e das nenas que conforman a estrutura de base do club. Este traballo vese reflectido en que o Club Ría de Betanzos é o único club de piragüismo da provincia da Coruña cualificado de Alto Nivel pola Xunta de Galicia, séndoo durante 5 anos consecutivos.

A Xunta de Galicia concluíu a construción dun edificio no Porto de Betanzos para albergar a sede do club no ano 2013 e no mes de febreiro de 2015 outorgoulle ao club unha concesión administrativa pola ocupación da parcela existente de 714,45 metros cadrados na que se localiza o dito edificio de superficie de 1.110 metros cadrados.

Esta concesión administrativa implícalle ao club afrontar uns gastos pola taxa anual de 12.000 € (a pesar da bonificación do 90 %), máis o Imposto de Bens Inmobles e consumos eléctricos e de auga cun recargo do 20 % do gasto por parte da entidade Portos de Galicia.

A moción recoñece que a entidade mellorou con esta nova instalación, pero ben é certo que os gastos que ten que afrontar creceron de forma exponencial, tendo que destinar as subvencións concedidas polas distintas administracións (Concello de Betanzos, Deputación Provincial da Coruña e Xunta de Galicia) a sufragar estes custos no canto de poder destinalos directamente á educación deportiva dos nenos e das nenos que conforman o club.

CSV: REXISTRO-BR905wbzr-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 16:48:20
Nº Rexistro: 41842
Data envio: 18/12/2018 16:48:20.096

Polo exposto, e considerando a moción aprobada polo Pleno Municipal de Betanzos na súa sesión do 17 de decembro de 2018, o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para paliar a situación económica do Club Náutico Ría de Betanzos no que atinxe aos custos que vén soportando pola concesión que lle ten outorgada Portos de Galicia?

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 18/12/2018 16:43:54

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/12/2018 16:44:06

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/12/2018 16:44:15

María Dolores Toja Suárez na data 18/12/2018 16:44:19

CSV: REXISTRO-BR905wbzr-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 18:23:12
Nº Rexistro: 41857
Data envio: 18/12/2018 18:23:12.931

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

No ano 2007, a Consellería de Medio Rural aprobaba as bases definitivas da concentración parcelaria Meavía-Quintillán, no concello de Forcarei (Pontevedra), que afectou a 2.169 hectáreas, 13.283 fincas de 704 persoas propietarias. Coa concentración, pasaron a ser só 1.807 fincas, de maneira que cada dono pasou a ter un promedio de 19 fincas e cunha superficie total de 1.590 metros cadrados. En 2016, a consellería facía efectivos os actos de toma de posesión das fincas e anunciaba a entrega dos títulos de propiedade. En 2018, eses títulos aínda se estaban adecuando á Lei hipotecaria. Hoxe, xa case en 2019, di a consellería que se van rematar os trámites administrativos para a entrega deses títulos e que se reservará unha partida de máis de 300.000 euros nos orzamentos de 2019 para rematar os traballos pendentes, que consisten en camiños que quedan sen executar, moitos afectados que non teñen os accesos axeitados ás súas fincas e moitas fincas que non están en condicións de ser traballadas. De feito, hai dous camiños que nin sequera están comezados e moitos accesos ás parcelas precisan movemento de terras, ademais de que todo o viario secundario necesita intervención (o 40 por cento dos camiños están sen executar ou mal executados).

O certo é que a Xunta de Galicia leva case 12 anos enredando con esta parcelaria sen que os traballos se finalizasen definitivamente, mentres varios dos beneficiarios desta parcelaria abandonaron a actividade agrogandeira.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando vai rematar o Goberno galego a concentración parcelaria Meavía-Quintillán, no concello de Forcarei (Pontevedra)?
2. Entende o Goberno que é suficiente a partida orzamentaria nos orzamentos de 2019 para rematar os traballos pendentes?

CSV: REXISTRO-ty1Y0r5DK-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

3. É consciente o Goberno de que, despois de case 12 anos enredando con esta parcelaria sen finalizar definitivamente os traballos, ten provocado que varios dos beneficiarios abandonaran a actividade agrogandeira?

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
José Manuel Pérez Seco
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/12/2018 18:21:13

Raúl Fernández Fernández na data 18/12/2018 18:21:19

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/12/2018 18:21:23

CSV: REXISTRO-ty1Y0r5DK-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2018 10:15:03
Nº Rexistro: 41865
Data envio: 19/12/2018 10:15:03.830

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre a creación da Autoridade Audiovisual e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego ao respecto.

A Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza prevé na súa disposición derradeira quinta a creación da Autoridade audiovisual e fixa un prazo de nove meses desde a entrada en vigor da devandita lei, para que a Xunta de Galiza remita ao Parlamento un proxecto de lei que regule ou encomende as funcións da autoridade audiovisual.

Este ente, de acordo co disposto no artigo 49 da mesma lei, ten como obxectivos "avaliar se os novos servizos significativos que se pretendan incluír se axustan á misión de servizo público encomendada e se alteran a competencia no mercado audiovisual" así como determinar "un procedemento de control periódico do financiamento público que reciba a Corporación RTVG, así como as medidas de reequilibrio necesarias para que o seu destino sexa o estabelecido nesta lei".

Así pois, a lexislación outorga á Autoridade audiovisual un labor de control externo da CRTVG. Porén, desde a aprobación e entrada en vigor da Lei 9/2011 non foi creada o que supón un incumprimento escandaloso da lei e unha distorsión no necesario

CSV: REXISTRO-73WOyTWrz-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2018 10:15:03
Nº Rexistro: 41865
Data envio: 19/12/2018 10:15:03.830

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

control e seguimento que do medios de comunicación público debe levar a cabo non só o Parlamento senón tamén o sector audiovisual.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Por que non remitiu a Xunta de Galiza ao Parlamento o proxecto de lei de creación da Autoridade Audiovisual, sete anos despois da aprobación e entrada en vigor da Lei 9/2011, a Autoridade Audiovisual?

- Cando pensa remitir á Cámara ese proxecto de lei?

- Que entidade ou organismo está a cumprir coas funcións de control externo que a lexislación prevé para a Autoridade Audiovisual?

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-73WOyTWrz-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2018 10:15:03
Nº Rexistro: 41865
Data envio: 19/12/2018 10:15:03.830

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/12/2018 10:13:12

María Montserrat Prado Cores na data 19/12/2018 10:13:18

Ana Pontón Mondelo na data 19/12/2018 10:13:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/12/2018 10:13:21

Noa Presas Bergantiños na data 19/12/2018 10:13:22

Xosé Luis Bará Torres na data 19/12/2018 10:13:24

CSV: REXISTRO-73WOyTWrz-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 11:10:08
Nº Rexistro: 41759
Data envio: 17/12/2018 11:10:08.702

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No ano 2008 foi autorizado pola entón Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a sinatura dun convenio entre a Consellería, o Concello de Sada e a ANPA As Mariñas do hoxe denominado CEIP *Sada y sus contornos*, no Consello da Xunta de Galicia celebrado o día 11 de decembro de 2008.

O dito convenio tiña como obxectivo a prestación do servizo de comedor escolar para o alumnado do CEIP *Sada y sus contornos* no IES Mosteirón. Ese convenio establecía que:

1º) Os medios materiais e persoais dos que dispoñía o IES de Mosteirón permitían utilizar as súas instalacións para proporcionar o servizo de comedor escolar ao alumnado do CEIP de Sada (hoxe CEIP *Sada y sus contornos*).

2º) O Concello de Sada comprometíase a contratar e financiar o servizo de transporte, de ida e volta, entre ambos os centros educativos.

3º) A colaboración desinteresada da ANPA, xa que esta, no caso de non haber persoal docente interesado, asumiría o coidado e a atención dos alumnos procedentes do CEIP de Sada na utilización do servizo de comedor escolar no IES de Mosteirón.

A adecuación deste novo servizo á necesidade de que cada vez máis familias deban conciliar a vida laboral e familiar é evidente e xustifica por si mesma a continuidade, a día de hoxe, da vixencia desta organización.

Tanto é así que as propias normas de funcionamento do comedor escolar do IES Mosteirón (protocolo de funcionamento) establecen que *"O ámbito de aplicación deste regulamento comprende aos usuarios de tres centros educativos: IES Mosteirón, CEIP O Mosteirón e CEIP Sada e Contornos, con alumnado de Ed. Infantil, Ed. Primaria e ESO."*

CSV: REXISTRO-9q3h7bYN7-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 11:10:08
Nº Rexistro: 41759
Data envio: 17/12/2018 11:10:08.702

E pese á satisfacción das familias do CEIP *Sada y sus contornos*, véñense detectando e producindo incidencias na prestación do servizo que están motivadas pola falta puntual do persoal colaborador necesario; esta situación da lugar a que, de xeito puntual, se deba suspender o servizo de comedor escolar como ocorreu o día 11 de decembro de 2018.

O propio CEIP *Sada y sus contornos* tense dirixido á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional expoñendo esta circunstancia é, á súa vez, propoñendo solucións. Así, poñen de manifesto que:

1º) Cada curso a dispoñibilidade de persoas colaboradoras vai a menos, ou deixan de colaborar cando se lles presenta unha oferta laboral, e non aparecen persoas que as substitúan. Tampouco hai persoal docente que estea interesado en colaborar no servizo de comedor.

2º) Esta situación podería ocasionar que non se dispuxese de persoas colaboradoras puntualmente, poñendo en risco a prestación ao servizo, polo que se deberían adoptar as medidas que garantan o normal funcionamento dun servizo indispensable para as familias usuarias.

3º) Solicítase a contratación dos labores de atención ao alumnado establecendo un mecanismo que garanta que cando non se teña dispoñibilidade de persoal colaborador voluntario se facilite por parte dunha empresa e así garantir o normal funcionamento do servizo de comedor escolar neste centro.

E a anterior petición faise sobre o establecido na lexislación vixente, en concreto no artigo 9.4 do Decreto 132/2013, no que establece que cando as circunstancias de feito existentes nos centros que presten servizo de comedor escolar o determinen poderase recorrer á contratación dos labores de atención do alumnado comensal con empresas de servizos, de xeito que se non houbese persoas colaboradoras suficientes poderíase complementar co persoal contratado para así garantir o normal funcionamento do servizo de comedor escolar.

Por iso os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional adoptar algunha medida para garantir o funcionamento da prestación do servizo de comedor ao alumnado do CEIP *Sada y sus contornos*?

2ª) Considera a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que se debe garantir esa prestación con independencia de que o CEIP

CSV: REXISTRO-9q3h7bYN7-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sada y sus contornos poida aportar o número de colaboradores acorde ao alumnado que fai uso do comedor escolar no IES Mosteiron?

Pazo do Parlamento, 17 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/12/2018 11:04:14

Maria de la Concepción Burgo López na data 17/12/2018 11:04:21

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 17/12/2018 11:04:31

CSV: REXISTRO-9q3h7bYN7-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 11:27:49
Nº Rexistro: 41772
Data envio: 17/12/2018 11:27:49.551

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Ferroatlántica é unha das industrias electrointensivas existentes en Galiza. A día de hoxe este tipo de industria ten unha parte moi relevante dos seus custos de produción no consumo enerxético, o que está a xerar unha grande inestabilidade marcada non só polo alto prezo da enerxía, senón polas mudanzas que se veñen posto en práctica no sistema de interrumpibilidade no último ano e medio, que veu a engadir máis incerteza aínda da que xa caracterizaba o mecanismo.

A xestión da interrompibilidade está recollida na lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, que introduce no seu artigo 49 sobre a xestión da demanda a potestade da Administración para adoptar medidas, entre as que se recolle a prestación do servizo de interrompibilidade xestionado polo operador del sistema que incentiven a mellora do servizo e a eficiencia e aforro enerxéticos, podendo dar o cumprimento dos obxectivos previstos en ditas medidas ao recoñecemento dos custos para a posta en práctica. Recentemente, no BOE do 14 de novembro de 2018 publicábase a *"Resolución de 6 de noviembre de 2018, de la Secretaría de Estado de Energía, por la que se aprueba el*

CSV: REXISTRO-zkEtbnaeR-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 11:27:49
Nº Rexistro: 41772
Data envio: 17/12/2018 11:27:49.551

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O certo é que dentro da planificación existente figura a circunvalación de Cangas cunha lonxitude de 1,8 km, un orzamento de 2.037.190 € e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2015.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a circunvalación de Cangas se refire, os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é o estado actual da actuación denominada circunvalación de Cangas?

2ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2015?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia manter o investimento inicial de 2.037.190 € ou a dita cifra vai sufrir algunha modificación, se for o caso, cal é a magnitude desa modificación?

Pazo do Parlamento, 14 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/12/2018 11:48:51

Abel Fermín Losada Álvarez na data 17/12/2018 11:48:58

María Luisa Pierres López na data 17/12/2018 11:49:06

CSV: REXISTRO-vfDU7L5Nw-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 11:57:15
Nº Rexistro: 41785
Data envio: 17/12/2018 11:57:15.222

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Abel Losada Álvarez e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1º) Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.

2º) Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.

3º) Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.

4º) Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a comunidade autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóbiles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobrable para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

CSV: REXISTRO-ztES7Wncu-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

O certo é que dentro da planificación existente figura a circunvalación de Moaña cunha lonxitude de 3,6 km, un orzamento de 5.462.026 € e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2015.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a circunvalación de Moaña se refire, os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é o estado actual da actuación denominada circunvalación de Moaña?

2ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2015?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia manter o investimento inicial de 5.462.026 € ou a dita cifra vai sufrir algunha modificación, se for o caso, cal é a magnitude desa modificación?

Paz do Parlamento, 17 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/12/2018 11:49:33

Abel Fermín Losada Álvarez na data 17/12/2018 11:49:39

María Luisa Pierres López na data 17/12/2018 11:49:52

CSV: REXISTRO-ztES7Wncu-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 11:57:52
Nº Rexistro: 41786
Data envio: 17/12/2018 11:57:52.694

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Abel Losada Álvarez e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1º) Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.

2º) Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.

3º) Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.

4º) Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a comunidade autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóbiles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobrable para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a circunvalación Gondomar leste cunha lonxitude de 1,9 km, un orzamento de 3.695.217 € e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2015.
Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a circunvalación Gondomar

CSV: REXISTRO-aO69bhIU-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

leste se refire, os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é o estado actual da actuación denominada Circunvalación Gondomar Leste?

2ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2015?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia manter o investimento inicial de 3.695.217 € ou a dita cifra vai sufrir algunha modificación, se for o caso, cal é a magnitude desa modificación?

Pazo do Parlamento, 17 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/12/2018 11:50:19

Abel Fermín Losada Álvarez na data 17/12/2018 11:50:26

María Luisa Pierres López na data 17/12/2018 11:50:43

CSV: REXISTRO-aO69bhIU-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 12:25:24
Nº Rexistro: 41787
Data envio: 17/12/2018 12:25:24.816

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.

Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.

Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.

Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a comunidade autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóbiles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobrable para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a duplicación da calzada na LU-530 (A-6 - rolda leste) cunha lonxitude de 0,4 km, un orzamento de

CSV: REXISTRO-9wS8G8G5m-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 12:25:24
Nº Rexistro: 41787
Data envio: 17/12/2018 12:25:24.816

1.580.000 € e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2020.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a duplicación da calzada na LU-530 (A-6 - rolda leste) se refire, o deputado e a deputada que asinan formulan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é o estado actual da actuación denominada duplicación da calzada na LU-530 (A-6 - rolda leste)?

2ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2020?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia manter o investimento inicial de 1.580.000 € ou a dita cifra vai sufrir algunha modificación, se for o caso, cal é a magnitude desa modificación?

Pazo do Parlamento, 17 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/12/2018 12:24:38

María Luisa Pierres López na data 17/12/2018 12:24:46

CSV: REXISTRO-9wS8G8G5m-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 12:59:19
Nº Rexistro: 41791
Data envio: 17/12/2018 12:59:19.131

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita.**

A psicoloxía clínica é un servizo totalmente abandonado polo SERGAS. Dende a década dos 90 na que comezou a incorporarse á rede pública, nunca foi suficientemente atendida e dotada dos medios suficientes para levar a cabo un servizo de calidade, deixando en mas do sobreesforzo das psicólogas e psicólogos a prestación sanitaria nesta materia.

As e os profesionais da psicoloxía clínica levan anos reclamando o que consideran demandas ás que se debe atender con urxente necesidade. A contratación de máis persoal despois de que na última década unicamente foran convocadas 3 prazas, un número totalmente insuficiente, principalmente se temos en conta o aumento de enfermidades que precisan de atención psicolóxica e que na actualidade están a abordarse a través da farmacoloxía, tal e como ten recoñecido o Goberno.

Neste sentido, resulta tamén totalmente necesario incorporar ao servizo de psicoloxía clínica na atención primaria, tal e como se está comezando a levar a cabo en outras comunicades como Asturias ou Aragón. Urxe cambiar a dinámica de traballo no Servizo Galego de Saúde en relación á psicoloxía clínica, que non conta ni con servizos propios.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

CSV: REXISTRO-e1QGVUwTy-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 12:59:19
Nº Rexistro: 41791
Data envio: 17/12/2018 12:59:19.131

GRUPO PARLAMENTAR en marea

- Que valoración fai o Goberno en relación a que unicamente fosen convocadas tres prazas de psicoloxía en dez anos?
- Cal é o motivo polo que o Goberno non implanta a Psicoloxía clínica na Atención Primaria?
- Por que a Psicoloxía Clínica non conta con servizos propios no Servizo Galego de Saúde?
- Cando ten pensado o Goberno levar a cabo as históricas demandas da psicoloxía clínica no SERGAS?

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 17/12/2018 12:24:02

CSV: REXISTRO-e1QGVUwTy-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 13:07:26
Nº Rexistro: 41796
Data envio: 17/12/2018 13:07:26.833

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita.**

A Xunta informou nunha resposta a En Marea que a atención sanitaria en Carballedo se vai prestar só no centro de saúde da Barrela, confirmando o peche do consultorio de Castro.

Até o de agora, había tres profesionais de Medicina de Familia no Concello, pasando, coa recente xubilación dun deles, a contar con dous profesionais, que se reparten así o cupo de tarxetas, a razón dunhas 850 por profesional. Aínda sendo unha rateo que non excede o recomendado, hai que ter en conta que o Concello ten unha poboación moi envellecida, con máis patoloxías crónicas.

En Marea denunciamos que se acometese o cambio sen contar coa cidadanía e a resposta da Xunta vén a confirmar este extremo, dado que non responde ás cuestións de cando se decidiu o cambio nin a que entidades o comunicou.

Na súa resposta, a Xunta tampouco aposta pola figura de Traballador/a Social nos centros sanitarios, limitándose a falar de "coordinación" co Concello de Carballedo.

Asemade, tampouco a Xunta refire que "novas formas de asistencia sanitaria" se van implantar, tal como prometera.

CSV: REXISTRO-qiyw59PSo-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 13:07:26
Nº Rexistro: 41796
Data envio: 17/12/2018 13:07:26.833

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Así pois, En Marea reitera as cuestións realizadas á Xunta sobre o Centro de Saúde de Carballedo.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula as seguintes preguntas á Xunta de Galicia:

1. Cando decidiu a Xunta a reorganización sanitaria en Carballedo?
2. Como, cando e a que organismos e persoas o comunicou?
3. Por que diminúe a Xunta o número de profesionais de Medicina de Familia no Concello de Carballedo?
4. Como vai garantir a Xunta unha mellor asistencia sanitaria á cronicidade con menos profesionais sanitarios nun concello envellecido?
5. Por que non mantén a Xunta o consultorio de Castro de Carballedo?
6. Non considera a Xunta que o peche do consultorio de Castro empeora a accesibilidade da poboación envellecida rural á Atención Primaria?
7. Que "novas formas de asistencia sanitaria" vai implantar a Xunta en Carballedo?

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

CSV: REXISTRO-qiyw59PSo-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 13:07:26
Nº Rexistro: 41796
Data envio: 17/12/2018 13:07:26.833

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Paula Vázquez Verao na data 17/12/2018 13:06:51

CSV: REXISTRO-qiyw59PSo-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 13:30:28
Nº Rexistro: 41797
Data envio: 17/12/2018 13:30:28.301

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1º) Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.

2º) Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.

3º) Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.

4º) Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a comunidade autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóbiles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobrable para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

CSV: REXISTRO-yJjOr2n2F-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

O certo é que dentro da planificación existente figura a variante da Silva cunha lonxitude de 1,9 km, un orzamento de 5.700.0000 € e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2020.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que á variante da Silva se refire, este os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é o estado actual da actuación denominada variante da Silva?

2ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2020?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia manter o investimento inicial de 5.700.000 € ou a dita cifra vai sufrir algunha modificación, se for o caso, cal é a magnitude desa modificación?

Pazo do Parlamento, 17 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/12/2018 13:29:30

María Luisa Pierres López na data 17/12/2018 13:29:47

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/12/2018 13:29:53

CSV: REXISTRO-yJjOr2n2F-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 13:57:25
Nº Rexistro: 41798
Data envio: 17/12/2018 13:57:25.378

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1ª) Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.

2ª) Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.

3ª) Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.

4ª) Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados.

Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a comunidade autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóbiles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobrable para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

CSV: REXISTRO-XuNnf4Hy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2018 13:57:25
Nº Rexistro: 41798
Data envio: 17/12/2018 13:57:25.378

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

O certo é que dentro da planificación existente figura a Conexión Meirama - N-550 -AC-542 cunha lonxitude de 4,8 km, un orzamento de 11.760.000 € e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2015.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que á Conexión Meirama - N-550 -AC-542 se refire, o deputado e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é o estado actual da actuación denominada Conexión Meirama - N-550 - AC-542?

2ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2015?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia manter o investimento inicial de 11.760.000 € ou a dita cifra vai sufrir algunha modificación, se for o caso, cal é a magnitude desa modificación?

Pazo do Parlamento, 17 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/12/2018 13:51:58

María Luisa Pierres López na data 17/12/2018 13:52:07

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/12/2018 13:52:57

CSV: REXISTRO-XuNnf4Hy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 12:25:26
Nº Rexistro: 41821
Data envio: 18/12/2018 12:25:26.288

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á paralización por Portos de Galiza do convenio de colaboración remitido ao Concello de Moaña, onde se autorizaba ao propio concello a levar a cabo as obras necesarias para rematar o paseo marítimo de Domaio.

O litoral de Domaio foi estragado polas terras procedentes dos desmontes cando se estaba a construír a ponte de Rande e a autoestrada AP-9. Durante moitos anos foi depositario de terras e escombros convertendo a zona nun vertedoiro abandonado, a pesares de que dende o Concello e por parte d@s veciñ@s sempre mantiveron unha reclamación de ordenación e urbanización aos seus titulares: Autoridade Portuaria de Vigo e Portos de Galiza.

E si facemos historia das reclamacións do concello de Moaña diante dos distintos presidentes da Autoridade Portuaria de Vigo, destacamos o compromiso adquirido por Abel Caballero, que nunca se levou a cabo ou a inauguración da primeira fase de Corina Porro alegando o seu compromiso con Domaio, lugar especial para ela pois era a onde ía a misa e a comprar o pan, e tampouco cumpriu o prometido.

En todo este tempo o único presidente serio, responsable e cumpridor que o concello de Moaña recoñece como impulsor desta ordenación é a Jesús Paz presidente da Autoridade Portuaria de Vigo entre o 2007/2009. El foi o que recolleu a demanda @s

CSV: REXISTRO-OuCz4bICs-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 12:25:26
Nº Rexistro: 41821
Data envio: 18/12/2018 12:25:26.288

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

veciñ@s e concello, mandou realizar o proxecto e executou a primeira fase aínda que despois foron outras a que o inauguraron.

A urbanización deste paseo marítimo realizouse na parte competencia da Autoridade Portuaria de Vigo en dúas fases, quedando pendente o tramo pertencente a Portos de Galicia, entre o Multiusos (Club de Xubilados) e a rampla de varada e reparación dos viveiros flotantes (bateas). Un espazo duns 200 metros que están dentro do dominio portuario de Portos de Galiza e que a pesares de múltiples xestión nunca se executou por ser competencia de Portos de Galiza.

O concello de Moaña despois de moito insistir conseguiu manter unha reunión con Portos de Galiza para darlle unha solución acaída a este tramo sen resolver e a pesares da dilación e falta de interese por parte do seu presidente, que abandonou a reunión, seguiu insistindo e logrou o 19 de outubro de 2018 que o director portuario Ignacio Villar, lles remitirse por indicación do seu presidente José Juan Durán o convenio autorizando a ordenación e execución de dita obra. Convenio que foi autorizado pola Comisión de goberno e asinado pola alcaldesa, sendo remitido a Portos de Galiza para a súa confirmación.

A Deputación tamén aprobou o seu financiamento o 5 de novembro de 2018, que cun custe de 100.000 euros fora presentado ao Plan Concellos da Deputación. Esta sería a definitiva fase dun paseo marítimo que tivo a primeira actuación no 2007, a segunda no 2013 e que aínda está pendente rematalo.

O proxecto de ordenación elaborado polo concello de Moaña neste tramo segue os mesmos criterios que o paseo actual: habilitar unha liña peonil e carril bici na fronte marítimo e un aparcamento para o uso do Multiusos (Club de Xubilados) con

CSV: REXISTRO-OuCz4bICs-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 12:25:26
Nº Rexistro: 41821
Data envio: 18/12/2018 12:25:26.288

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

capacidade para 50 prazas. E unicamente unir o espazo do Multiusos coa zona rodada do porto.

Cal non sería a sorpresa que despois de ser aprobado o convenio polo concello de Moaña e remitilo a Portos de Galiza é o propio presidente, o señor José Juan Durán comunica ao concello que non procede de momento a firma do convenio por estar Portos de Galiza pendente de clarificar a delimitación competencial coa Autoridade Portuaria e por outro lado estar pendente da solución técnica de entronque do final do paseo peonil coa zona de tráfico rodada que debe conectar coa PO-551.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Até cando vai seguir primando os intereses do Partido Popular na vez dos problemas das infraestruturas portuarias o Presidente de Portos de Galiza?

-Como é posible que o presidente de Portos teña dúas varas de medir para recibir a alcaldes e concelleiros? Aos do PP inmediatamente e aos outros, eternizándose e non resolvéndolle nada?

-Dado que os terreos onde se desenvolve a terceira fase do paseo marítimo de Domaio é da competencia de Portos de Galiza non debería ser polo tanto o que ordene esta zona portuaria e poña os 100.000 euros que custa? Non é máis razoable esta ordenación que a que realizou no porto de Meira?

-Parécelle normal non só non asumir a responsabilidade de rematar os 200 metros de paseo marítimo, senón actuar de xeito partidista, buscando que a obra non se realice e que o concello corra o risco de perder 100.000 euros?

CSV: REXISTRO-OuCz4bICs-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 12:25:26
Nº Rexistro: 41821
Data envio: 18/12/2018 12:25:26.288

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Vai rectificar o Presidente de Portos de Galiza a actuación que está realizando coa que está impedindo que o Concello de Moaña realice unha actuación que mellora a calidade de vida d@s veciñ@s da parroquia de Domaio?

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/12/2018 12:23:19

Ana Pontón Mondelo na data 18/12/2018 12:23:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/12/2018 12:23:26

Olalla Rodil Fernández na data 18/12/2018 12:23:27

CSV: REXISTRO-OuCz4bICs-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 12:25:26
Nº Rexistro: 41821
Data envio: 18/12/2018 12:25:26.288

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 18/12/2018 12:23:29

Xosé Luis Bará Torres na data 18/12/2018 12:23:30

CSV: REXISTRO-OuCz4bICs-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 16:45:05
Nº Rexistro: 41841
Data envio: 18/12/2018 16:45:05.280

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e **Julio Torrado Quintela,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Segundo datos da Xunta de Galicia, na nosa comunidade autónoma hai na actualidade 75 centros de protección de menores, cun total de 887 prazas de internado e 371 de atención de día, nos cales se atende anualmente a unha media de mil mozos e mozas. Estes centros forman parte do sistema galego de protección de menores, que comeza nos equipos técnicos de menores que operan en cada unha das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social. Os integrantes destas equipas son os encargados de valorar se un neno ou nena se atopa en situación de risco ou desamparo e de determinar se debe pasar a situación de tutela ou garda pola Xunta de Galicia.

No trámite de emendas á Lei de medidas fiscais e administrativas do Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2019, o partido que sustenta ao goberno presentou a seguinte emenda de adición, que a pesares de que dende o Grupo Parlamentario Socialista alertamos de que calquera modificación dun texto legal que regule a atención dunha das capas máis sensibles da poboación, ben merecía un debate sosegado e un acordo ao respecto, aprobouse na Comisión 3.ª o pasado día 11 de decembro.

Engádese un artigo 25 bis, co seguinte contido:
"Artigo 25 bis. Modificación do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
O Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, queda modificado como segue:
Un. O número 1 da letra c) do número 2 do artigo 34 queda coa seguinte redacción:
"1. Subscribirase unha póliza de seguro de responsabilidade civil para a atención do servizo."
Dous. A letra e) do número 4 do artigo 35 queda coa seguinte redacción:
" e) O centro deberá subscribir una póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra los resgos da actividade."

CSV: REXISTRO-NsLWZDHIQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da modificación, vía emenda da Lei de medidas fiscais e administrativas do Proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma do ano 2019, introducida no *Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia?*
2. En caso de que a considerara necesaria, cales son os motivos?
3. Recibiu a Xunta de Galicia durante estes últimos anos algún tipo de queixa ou suxestión para modificar este artigo?
4. Que repercusión terá este cambio nos seguros de responsabilidade civil dos centros de menores?
5. Cal é a cobertura mínima de seguro de responsabilidade civil que se lles esixirá a estes centros?
6. Ten previsto a Xunta de Galicia introducir, durante esta lexislatura, algún cambio máis no Decreto *329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia?*

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 18/12/2018 16:37:13

Julio Torrado Quintela na data 18/12/2018 16:37:18

CSV: REXISTRO-NsLWZDHIQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 16:49:13
Nº Rexistro: 41844
Data envio: 18/12/2018 16:49:13.541

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No pleno municipal de Betanzos deste 17 de decembro aprobouse por unanimidade unha moción para tratar de paliar a delicada situación económica do club de piragüismo Ría de Betanzos, que comezou a súa andadura no ano 1983.

A moción municipal lembra como a entidade instalouse nun pequeno almacén situado na praza de Enrique IV para, posteriormente, ocupar unha das naves municipais localizadas no barrio da Ribeira. Neste emprazamento a entidade desenvolveu a súa actividade ata o ano 2014.

O traballo fundamental da entidade céntrase na formación deportiva dos nenos e das nenas que conforman a estrutura de base do club. Este traballo vese reflectido en que o Club Ría de Betanzos é o único club de piragüismo da provincia da Coruña cualificado de Alto Nivel pola Xunta de Galicia, séndoo durante 5 anos consecutivos.

A Xunta de Galicia concluíu a construción dun edificio no Porto de Betanzos para albergar a sede do club no ano 2013 e no mes de febreiro de 2015 outorgoulle ao club unha concesión administrativa pola ocupación da parcela existente de 714,45 metros cadrados na que se localiza o dito edificio de superficie de 1.110 metros cadrados.

Esta concesión administrativa implícalle ao club afrontar uns gastos pola taxa anual de 12.000 € (a pesar da bonificación do 90 %), máis o Imposto de Bens Inmobles e consumos eléctricos e de auga cun recargo do 20 % do gasto por parte da entidade Portos de Galicia.

A moción recoñece que a entidade mellorou con esta nova instalación, pero ben é certo que os gastos que ten que afrontar creceron de forma exponencial, tendo que destinar as subvencións concedidas polas distintas administracións (Concello de Betanzos, Deputación Provincial da Coruña e Xunta de Galicia) a sufragar estes custos no canto de poder destinalos directamente á educación deportiva dos nenos e das nenos que conforman o club.

CSV: REXISTRO-NX9ALPZW-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Polo exposto, e considerando a moción aprobada polo Pleno Municipal de Betanzos na súa sesión do 17 de decembro de 2018, o deputado e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para paliar a situación económica do Club Náutico Ría de Betanzos no que atinxe aos custos que vén soportando pola concesión que lle ten outorgada Portos de Galicia?

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 18/12/2018 16:45:48

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/12/2018 16:46:00

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/12/2018 16:46:06

María Dolores Toja Suárez na data 18/12/2018 16:46:10

CSV: REXISTRO-NX9ALPZWt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 16:55:38
Nº Rexistro: 41851
Data envio: 18/12/2018 16:55:38.921

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. As decisións xudiciais penais deben ser xustas, imparciais e equitativas e xulgar con perspectiva de xénero implica identificar, para erradicalos, os estereotipos negativos que determinan un rato desigual, os prexuízos e as preconcepcións individuais e colectivas sobre as capacidades e os roles das mulleres.

Nos últimos tempos, asistimos a un movemento de críticas, basicamente negativas, a algunhas sentenzas penais por non seren ditadas con perspectiva de xénero (o caso de "La Manada" é paradigmático). Escoitamos e lemos que as sentenzas en xeral, e cando afectan ás mulleres en maior medida, son machistas, androcéntricas e ditadas por persoas sen formación en perspectiva de xénero.

Segundo as persoas expertas, varias medidas poderían resultar efectivas para erradicar os estereotipos negativos sobre as mulleres nas resolucións xudiciais:

1. O uso dunha linguaxe que non considere ás mulleres meros obxectos (así o indica o "Informe sobre a linguaxe non sexista no Parlamento Europeo" aprobado pola decisión Grupo de Alto Nivel sobre Igualdade de Xénero e Diversidade, de 13 de febreiro de 2008).
2. A atención ás recomendacións da Comisión de Modernización da Linguaxe Xurídica, no senso de que todas as resolucións xudiciais se redacten cunha linguaxe clara, igualitaria, non sexista, respectuosa, gramatical e sintacticamente correcta e de redacción eficaz.
3. A aplicación do Convenio de Istambul (en vigor dende 2014) e da Lei 4/2015, do Estatuto da Vítima.
4. A aplicación da Psicoloxía Forense Experimental. Porque, fronte a unha estendida doutrina xurisprudencial que busca só a credibilidade da vítima de violencia machista e que a súa testemuña sexa persistente, prolongada no tempo e sen contradicións, hai outra máis, digamos nova, que entende que a esixencia deste tipo de relatos pode que só revele unha boa memoria retentiva e que resultaría máis axeitado acudir á experiencia derivada da

CSV: REXISTRO-7FcIDiCYQ-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 16:55:38
Nº Rexistro: 41851
Data envio: 18/12/2018 16:55:38.921

aplicación da Psicoloxía Forense Experimental, que considera a memoria, non un rexistro mecánico de información, senón un elemento activo, reconstrutivo e sometido á influencia de factores que poden levar ás testemuñas (mulleres incluídas) a cometer erros. Polo tanto, esa testemuña é fundamental.

En Galicia, o Instituto de Medicina Legal (Imelga) é un órgano da Administración de xustiza que ten por misión prestar asistencia técnica aos xulgados e fiscalías en materia de medicina forense. Integrado por persoal médico forense, técnico e auxiliar, ten a súa sede en Santiago de Compostela e os seus centros de traballo situados nesta cidade e en Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. O Imelga emite os informes que lle son requiridos polas autoridades xudiciais e fiscais en todos os aspectos medicolegais e a intervención de psicólogos no Servizo de Clínica, incluídas as Unidades de Valoración.

A psicoloxía forense experimental (unha das medidas que podería axudar a erradicar os estereotipos negativos sobre as mulleres nas resolucións xudiciais) entende que a primeira testemuña é a máis veraz porque, normalmente, se fixo con poucas interferencias e sen datos suxeridos por outras persoas. Esa psicoloxía forense experimental aplícase polos equipos do Imelga, polas Unidades de Valoración en concreto e, máis en concreto, polas persoas forenses que se encargan desa primeira intervención e, polo tanto, desa primeira testemuña. Eses profesionais da Medicina son as persoas que farán o informe a remitir á autoridade xudicial, documento básico para fundamentar que as resolucións xudiciais non conteñan estereotipos negativos sobre as mulleres.

O anterior significa dúas cousas:

1. Que, para axudar eficazmente a que as resolucións xudiciais non conteñan estereotipos negativos sobre as mulleres, o tempo de emisión dese informe debería ser o máis inmediato posible.
2. E que, consecuentemente, o número de equipos debería ser suficiente.

Pola contra, a realidade galega é que, dos sete equipos que existen, Pontevedra e A Coruña necesitan con urxencia máis profesionais e que, aínda que o número de asuntos na nosa comunidade non xustifica un equipo exclusivo, se existise, os informes emitidos serían absolutamente inmediatos.

CSV: REXISTRO-7FcIDiCYQ-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 16:55:38
Nº Rexistro: 41851
Data envío: 18/12/2018 16:55:38.921

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Comparte o Goberno da Xunta de Galicia que o Poder Xudicial debe xulgar con perspectiva de xénero, identificando, para erradicalos, os estereotipos negativos sobre as mulleres?
2. Comparte o Goberno que unha das medidas efectivas a tal fin podería ser a aplicación da experiencia da Psicoloxía Forense Experimental?
3. Comparte o Goberno que, para axudar eficazmente a que as resolucións xudiciais non conteñan estereotipos negativos sobre as mulleres, o tempo de emisión dos informes das Unidades de Valoración do Imelga debe ser o máis inmediato posible?
4. Canto tempo están a tardar os sete equipos das Unidades de Valoración do Imelga en emitir estes informes?
5. Comparte o Goberno que, para axudar eficazmente a que as resolucións xudiciais non conteñan estereotipos negativos sobre as mulleres, o número de equipos das Unidades de Valoración do Imelga debe ser suficiente?
6. Comparte o Goberno que os equipos das Unidades de Valoración do Imelga de Pontevedra e de A Coruña necesitan con urxencia máis profesionais?
7. Prevé o Goberno a creación dun equipo exclusivo en Galicia a tal fin?

Pazo do Parlamento, 17 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/12/2018 16:52:24

María Luisa Pierres López na data 18/12/2018 16:52:30

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 18/12/2018 16:52:36

CSV: REXISTRO-7FclDiCYQ-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 16:55:38
Nº Rexistro: 41851
Data envio: 18/12/2018 16:55:38.921

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/12/2018 16:52:41

CSV: REXISTRO-7FcIDiCYQ-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 18:23:30
Nº Rexistro: 41858
Data envio: 18/12/2018 18:23:30.783

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galici**a, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

No ano 2007, a Consellería de Medio Rural aprobaba as bases definitivas da concentración parcelaria Meavía-Quintillán, no concello de Forcarei (Pontevedra), que afectou a 2.169 hectáreas, 13.283 fincas de 704 persoas propietarias. Coa concentración, pasaron a ser só 1.807 fincas, de maneira que cada dono pasou a ter un promedio de 19 fincas e cunha superficie total de 1.590 metros cadrados. En 2016, a consellería facía efectivos os actos de toma de posesión das fincas e anunciaba a entrega dos títulos de propiedade. En 2018, eses títulos aínda se estaban adecuando á Lei hipotecaria. Hoxe, xa case en 2019, di a consellería que se van rematar os trámites administrativos para a entrega deses títulos e que se reservará unha partida de máis de 300.000 euros nos orzamentos de 2019 para rematar os traballos pendentes, que consisten en camiños que quedan sen executar, moitos afectados que non teñen os accesos axeitados ás súas fincas e moitas fincas que non están en condicións de ser traballadas. De feito, hai dous camiños que nin sequera están comezados e moitos accesos ás parcelas precisan movemento de terras, ademais de que todo o viario secundario necesita intervención (o 40 por cento dos camiños están sen executar ou mal executados).

O certo é que a Xunta de Galicia leva case 12 anos enredando con esta parcelaria sen que os traballos se finalizasen definitivamente, mentres varios dos beneficiarios desta parcelaria abandonaron a actividade agrogandeira.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando vai rematar o Goberno galego a concentración parcelaria Meavía-Quintillán, no concello de Forcarei (Pontevedra)?
2. Entende o Goberno que é suficiente a partida orzamentaria nos orzamentos de 2019 para rematar os traballos pendentes?

CSV: REXISTRO-FpQqJm6pI-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

3. É consciente o Goberno de que, despois de case 12 anos enredando con esta parcelaria sen finalizar definitivamente os traballos, ten provocado que varios dos beneficiarios abandonaran a actividade agrogandeira?

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
José Manuel Pérez Seco
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/12/2018 18:20:48

Raúl Fernández Fernández na data 18/12/2018 18:20:54

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/12/2018 18:20:59

CSV: REXISTRO-FpQqJm6pI-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 18:27:33
Nº Rexistro: 41859
Data envio: 18/12/2018 18:27:33.825

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Recentemente debatíamos unha Moción no Parlamento de Galicia que buscaba por en marcha medidas para dar solución á situación de precariedade que se da nas traballadoras do sector turístico, especialmente as camareiras de piso. Un dos puntos que se propuxeron e que foi rexeitado dicía o seguinte:

"A creación dun selo de calidade para os hoteis e albergues co obxectivo de combater a precariedade que se dá neste sector e incentivar un novo modelo laboral e turístico. As empresas, para recibir este, deberán cumprir coa aplicación do convenio colectivo do sector, e coa actual lexislación en materia de prevención e riscos laborais, e en materia de igualdade. Ademais non externalizarán aqueles servizos que son necesarios para o funcionamento diario do establecemento hoteleiro; tales como o servizo de limpeza."

Segundo unhas declaracións recentes do Conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, tras unha xuntanza co director do Instituto para a Calidade Turística Española, Fernando Fraile, a Xunta de Galicia estuda agora para fomentar un modelo de turismo de calidade, implementar selos para favorecer as boas prácticas en materia de xénero. Pero aínda non coñecemos como se vai a concretar esta cuestión.

CSV: REXISTRO-sjK0zHlh-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 18:27:33
Nº Rexistro: 41859
Data envio: 18/12/2018 18:27:33.825

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todo o anterior exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

1. Que medidas concretas vai tomar a Xunta de Galicia e en que prazos?

2. Cales son as razóns para ter mudado de opinión dende que se debateu a Moción ata as últimas declaracións?

3. Valora tamén asociar a concesión de axudas ao cumprimento con estes parámetros baseados na igualdade de xénero?

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 18/12/2018 18:25:52

CSV: REXISTRO-sjjK0zHlh-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2018 10:14:54
Nº Rexistro: 41864
Data envio: 19/12/2018 10:14:54.854

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a creación da Autoridade Audiovisual e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego ao respecto.

A Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza prevé na súa disposición derradeira quinta a creación da Autoridade audiovisual e fixa un prazo de nove meses desde a entrada en vigor da devandita lei, para que a Xunta de Galiza remita ao Parlamento un proxecto de lei que regule ou encomende as funcións da autoridade audiovisual.

Este ente, de acordo co disposto no artigo 49 da mesma lei, ten como obxectivos "avaliar se os novos servizos significativos que se pretendan incluír se axustan á misión de servizo público encomendada e se alteran a competencia no mercado audiovisual" así como determinar "un procedemento de control periódico do financiamento público que reciba a Corporación RTVG, así como as medidas de reequilibrio necesarias para que o seu destino sexa o estabelecido nesta lei".

Así pois, a lexislación outorga á Autoridade audiovisual un labor de control externo da CRTVG. Porén, desde a aprobación e entrada en vigor da Lei 9/2011 non foi creada o que supón un incumprimento escandaloso da lei e unha distorsión no necesario

CSV: REXISTRO-waRzNPqfY-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2018 10:14:54
Nº Rexistro: 41864
Data envio: 19/12/2018 10:14:54.854

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

control e seguimento que do medios de comunicación público debe levar a cabo non só o Parlamento senón tamén o sector audiovisual.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que non remitiu a Xunta de Galiza ao Parlamento o proxecto de lei de creación da Autoridade Audiovisual, sete anos despois da aprobación e entrada en vigor da Lei 9/2011, a Autoridade Audiovisual?

- Cando pensa remitir á Cámara ese proxecto de lei?

- Que entidade ou organismo está a cumprir coas funcións de control externo que a lexislación prevé para a Autoridade Audiovisual?

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-waRzNPqfY-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2018 10:14:54
Nº Rexistro: 41864
Data envio: 19/12/2018 10:14:54.854

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/12/2018 10:13:51

María Montserrat Prado Cores na data 19/12/2018 10:13:57

Ana Pontón Mondelo na data 19/12/2018 10:13:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/12/2018 10:14:00

Noa Presas Bergantiños na data 19/12/2018 10:14:02

Xosé Luis Bará Torres na data 19/12/2018 10:14:03

CSV: REXISTRO-waRzNPqfY-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2018 10:39:52
Nº Rexistro: 41871
Data envio: 19/12/2018 10:39:52.985

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Francisco Casal Vidal e Luca Chao Pérez, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

O estaleiro vigués Vulcano leva anos nunha situación de debilidade, producindo incerteza nos seus traballadores. O cadro de Vulcano leva case 5 anos e medio sometido a expedientes de regulación temporal de emprego, xa que hai moi pouca actividade no estaleiro, e nos dous últimos meses nin están cobrando o seu salario.

Agora, para evitar a súa liquidación, a empresa precisa unha inxección de 15 millóns de euros. Desa cantidade, máis de 10 millóns son para pagar a provedores e algo máis de 4 para terminar o ferri que están a construír, asinado en abril do pasado ano. Unha vez entregado o ferri á Transmediterránea, non hai ningún contrato previsto, o que compromete seriamente a continuidade do estaleiro.

Polo anterior, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación na que se atopa Vulcano?
2. Que medidas puxo en marcha ata o de agora para solventar a situación?
3. Ten previsto algunha medida para colaborar no incremento da carga de traballo do estaleiro?

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2018.

CSV: REXISTRO-f2CrtnnK6-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2018 10:39:52
Nº Rexistro: 41871
Data envio: 19/12/2018 10:39:52.985

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Luca Chao Pérez

Francisco Casal Vidal

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 19/12/2018 10:38:35

Francisco Casal Vidal na data 19/12/2018 10:38:46

Luca Chao Pérez na data 19/12/2018 10:38:55

CSV: REXISTRO-f2CrtnnK6-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2018 16:35:01
Nº Rexistro: 41895
Data envio: 19/12/2018 16:35:01.837

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, **María Luisa Pierres López, Abel Losada Álvarez, Luís Manuel Álvarez Martínez** e **Concepción Burgo López**, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

En Pontevedra, no CEIP da Praza de Barcelos, hai un transformador eléctrico que supostamente fora revisado hai 3 meses. Leva anos aí (dende os anos 80), os mesmos que os pais levan pedindo que se saque (a Consellería de Educación ten recibido da ANPA varias peticións de retirada). O transformador dá servizo ao colexio, pero tamén ao aparcadoiro, aos comercios e ás vivendas que están na zona, en total, 208 clientes.

A ninguén se lle escapa que un transformador de tensión nun colexio é un perigo. O martes pasado, cando ían ser as 2 da tarde, comezou a cheirar a queimado, polo que os mestres decidiron sacar aos nenos á praza; 10 minutos despois, rexistrouse un incendio nesta instalación, un curtocircuíto na rede de baixa tensión. Quedaron sen luz a praza de Barcelos, os comercios de toda a mazá e medio colexio. Iso si, o enxeñeiro que compareceu por Fenosa (agora UFD) dixo que non había perigo e que o ían arranxar. "Existe vontade de ambas partes de retranquear o transformador", "O que sucedeu o martes foi un incidente sen gravidade e o transformador é completamente seguro, está perfectamente controlado e cumpre con todos os requisitos de seguridade" (non hai ningún criterio técnico ou de seguridade que obrigue a retiralo da súa situación actual), "Tería que asumir o custe da obra o solicitante".

É dicir, concello ou consellería deberían pagar, segundo UDF, debendo facer primeiro unha solicitude formal de reubicación e proposición de novo emprazamento, sendo os técnicos os responsables de analizar a solución a adoptar. Logo de estudar o cambio de situación e elaborar o proxecto técnico para retiralo, será a Consellería de Industria a que dea a autorización pertinente para a execución da obra, pois foi a consellería a que autorizou a alta deste transformador no seu día.

CSV: REXISTRO-usMFUngTQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2018 16:35:01
Nº Rexistro: 41895
Data envio: 19/12/2018 16:35:01.837

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Sabe o Goberno da Xunta de Galicia que pasou o día 11 de decembro, cando no CEIP de Barcelos, en Pontevedra, se rexistrou un incendio no transformador eléctrico situado alí?
2. Cando fora a última revisión desta instalación?
3. Pode afirmar o Goberno que o transformador é completamente seguro, está perfectamente controlado, cumpre con todos os requisitos de seguridade e non hai ningún criterio técnico ou de seguridade que obrigue a retiralo da súa situación actual?
4. Que vai facer o Goberno para evitar que isto ocorra de novo?
5. Foi a Consellería de Industria a que autorizou a alta deste transformador no seu día? Cando?
6. Debe ser a Consellería de Industria a que autorice o cambio de situación deste transformador? Vaino facer? Cando?
7. Cantos centros escolares de Galicia teñen un transformador eléctrico no seu recinto?
8. Ten apelado o Goberno á responsabilidade social corporativa de Fenosa (UDF)?
9. Sabe o Goberno se UDF ten un plano de evacuación e seguridade a disposición do centro escolar? Sabe se se aplicou o día 11 de decembro?
10. Vai demandar o Goberno a UDF a reubicación e proposición de novo emprazamento con relación ao transformador eléctrico sito no CEIP de Barcelos (Pontevedra)?

Pazo do Parlamento, 19 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Abel Losada Álvarez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: REXISTRO-usMFUngTQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/12/2018 16:32:34

María Luisa Pierres López na data 19/12/2018 16:32:39

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/12/2018 16:33:12

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/12/2018 16:33:17

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/12/2018 16:33:23

CSV: REXISTRO-usMFUngTQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2018 10:17:23
Nº Rexistro: 41917
Data envío: 20/12/2018 10:17:23.232

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. A Xunta de Xuíces do Civil da cidade de Vigo formulara no seu día, para as demandas polas cláusulas chan e resto de abusos bancarios, a creación de novos xulgados, cos medios persoais e materiais axeitados e necesarios. Isto significaba unha persoa titular, unha do corpo de Letrados da Administración de xustiza, cadro de persoal completo, unha sede e reparto propio.

Non obstante, o que se fixo polo Goberno de Mariano Rajoy foi a creación de xulgados especializados, hai agora ano e medio, que xa naceron colapsados: 11.102 asuntos en xuño de 2016, dos que só uns 2.600 foron resoltos ata setembro deste ano 2018, quedando Galicia por baixo da media estatal na resolución destes asuntos (40,4 % fronte ao 43 % da media). Así, creáronse un xulgado novo en Ourense (con todas as condicións antes ditas) e dous xulgados *bis* en A Coruña e Vigo, mais nestes o Goberno galego só proveeu con 4 persoas funcionarias (dos 8 que debe haber en cada xulgado).

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Concorda o Goberno da Xunta de Galicia con que os xulgados son os últimos instrumentos dos que dispón a cidadanía para defender os seus dereitos?
2. Ten coñecemento o Goberno dos datos nefastos de resolución de asuntos relativos aos abusos das entidades bancarias nestes xulgados en Vigo e A Coruña? Que pensa o Goberno?
3. Vai dispoñer o Goberno o cadro de persoal completo para os dous xulgados bis de A Coruña e Vigo?

CSV: REXISTRO-1w83ZGyYv-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2018 10:17:23
Nº Rexistro: 41917
Data envio: 20/12/2018 10:17:23.232

4. Coñece o Goberno cales foron os resultados en Galicia da implantación da "solución extraxudicial" aprobada polo Goberno estatal cando era presidente Mariano Rajoy?

Pazo do Parlamento, 20 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/12/2018 10:13:57

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/12/2018 10:14:03

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/12/2018 10:14:10

CSV: REXISTRO-1w83ZGyYv-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2018 13:56:34
Nº Rexistro: 41943
Data envio: 20/12/2018 13:56:34.890

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Servizo Público de Emprego (SEPE) é percibido cada vez máis como un mero trámite para as persoas en paro e non como o lugar no que apoiarse para atopar un emprego. De feito, se tomamos os datos, tanto de paro rexistrado como da EPA, observamos enormes diferenzas entre afiliación á Seguridade Social e inscrición no paro rexistrado que teñen claramente dous motivos: emigración e desistimento. Ademais, tan só o 8 % deses contratos asinados foron indefinidos, fronte ao 92 % de temporais.

Á vista destes datos é evidente que a recuperación do emprego na nosa comunidade, é só en termos cuantitativos, estacionais e precarios. As medidas adoptadas polo Goberno galego lonxe de corrixir a dualidade do mercado laboral, están estendendo a precariedade e a desigualdade.

Unicamente se conseguirá encarar a recuperación de xeito sostible e diminuír os niveis de desigualdade e pobreza, facendo unha aposta clara por factores que permitan á economía crecer a medio e longo prazo e que mellore as rendas dos traballadores e traballadoras.

A reforma laboral do Goberno do PP consolidou un cambio drástico do mercado de traballo, que supuxo un retroceso de décadas en condicións e, sobre todo, en dereitos laborais. Certo é que estamos ante o inicio dun novo ciclo cunha certa recuperación económica e a consecuente creación de emprego, pero, lonxe de estar asentada, ten o seu reverso no preocupante aumento da precariedade laboral. Porque a realidade é que o emprego crece, pero resulta fundamentalmente un emprego temporal, a tempo parcial ou en precario, que condiciona o benestar das persoas que o exercen.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten pensado o Goberno galego impulsar o diálogo social, a través do cal se establezan medidas cara á mellora das condicións de traballo no sector público e o aumento da estabilidade laboral, tanto directamente como a través da inclusión de cláusulas sociais na contratación pública, se for o caso, en que prazo?

CSV: REXISTRO-2pdkK7S32-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

2ª) Ten pensado o Goberno galego establecer unha estratexia de loita contra o desemprego que dea prioridade ás persoas paradas de longa duración e ao desemprego xuvenil, se for o caso, mediante que premisas e en que prazo?

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 20/12/2018 13:24:05

Noela Blanco Rodríguez na data 20/12/2018 13:24:18

Julio Torrado Quintela na data 20/12/2018 13:24:25

CSV: REXISTRO-2pdkK7S32-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2018 13:56:59
Nº Rexistro: 41944
Data envío: 20/12/2018 13:56:59.146

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O turismo representa para Galicia aproximadamente o 11 % no noso PIB e xera o 12 % do emprego na nosa comunidade, o que amosa a importancia de dito sector no noso territorio.

A recuperación económica permitiu crear emprego no sector turístico, pero non se aproveitou para reducir a precariedade laboral dos traballadores e das traballadoras do sector.

Unha cousa son as avultadas cifras de emprego pero outra ben distinta é a calidade deste emprego: precario, temporal e parcial.

En España as cifras de asalariados no sector turístico con contratos indefinidos rolda o 60 %, (4 de cada dez traballadores por conta allea nos negocios hoteleiros vinculados ao sector turístico son temporais) non obstante, en Galicia a maioría dos contratos laborais do sector son temporais, acadando o 52 %, só superadas por Andalucía e Murcia.

O 70 % dos contratos laborais do sector na nosa comunidade son a xornada completa, vinte puntos menos que en comunidades eminentemente turísticas como pode ser Baleares, na que o 90 % dos contratos laborais asinados son a xornada completa.

Ademais trátase dun sector fortemente feminizado, de cada tres empregos dous son desempeñados por mulleres en Galicia, a diferencia doutras comunidades autónomas nas que existe maior paridade na contratación laboral. Recordando neste senso que as mulleres cobran neste sector o 80 % cos homes.

Unicamente se conseguirá encarar a recuperación de xeito sostible e diminuír os niveis de desigualdade e pobreza, facendo unha aposta clara por factores que permitan á economía crecer a medio e longo prazo e que mellore as rendas dos traballadores e traballadoras.

CSV: REXISTRO-1pcX517NJ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

A realidade é que o emprego crece, pero resulta fundamentalmente un emprego temporal, a tempo parcial ou en precario, que condiciona o benestar das traballadoras e dos traballadores que o exercen.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Ten pensado o Goberno galego levar a cabo unha estratexia a favor da estabilidade no emprego no sector turístico, de ser o caso, mediante que premisas, e en que prazo?

Pazo do Parlamento, 20 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 20/12/2018 13:22:08

Noela Blanco Rodríguez na data 20/12/2018 13:22:28

Julio Torrado Quintela na data 20/12/2018 13:22:42

Jóse Manuel Pérez Seco na data 20/12/2018 13:22:50

CSV: REXISTRO-1pcX517NJ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727